

Contidos Flash (SWF Tools)

As **SWF Tools** ofertan a integración de © Macromedia Flash con reprodutores de Vídeo, de MP3 e de visores de imaxes.

Neste documento veremos a configuración dos módulos que integran estas ferramentas así como a publicación de distintos tipo de medios.

Configuración básica inicial

Na ruta **Inicio » Administrar » Construcción do sitio » Módulos** podemos ver o conxunto de módulos activos na nosa web.

Como se pode ver na seguinte imaxe, o conxunto de módulos activos das **SWF Tools** na configuración inicial dun novo sitio de Webs Dinámicas está formado por estes módulos:

- SWF Tools: é o nucleo destas ferramentas e imprescindible para empezar a traballar con elas.
- 1 Pixel Out: é un reprodutor de ficheiros de audio en formato MP3
- JW Media Player 3: trátase dun reprodutor de vídeos en formato flash e audios en formato MP3.
- SWFObject2: Método de integración habilitado por defecto.

▼ SWF Tools			
Activado	Nome	Versión	Descrición
☒	1 Pixel Out	6.x-2.5	Enables support for the 1 Pixel Out MP3 player. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	FlowPlayer	6.x-2.5	Enables support for FlowPlayer. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	FlowPlayer 3	6.x-2.5	Enables support for FlowPlayer 3. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	jQuery Flash plugin	6.x-2.5	Enables support for the jQuery Flash plugin embedding method. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	JW Image Rotator 3	6.x-2.5	Enables support for JW Image Rotator 3. Depende de: SWF Tools (activado)
☒	JW Media Player 3	6.x-2.5	Enables support for JW Media Player 3. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	JW Media Player 4	6.x-2.5	Enables support for JW Media Player 4. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	SimpleViewer	6.x-2.5	Enables support for SimpleViewer. Depende de: SWF Tools (activado)
☒	SWF Tools	6.x-2.5	This is the core component of SWF Tools and provides a common Requirido por: FlowPlayer (desactivado), FlowPlayer 3 (desactivado), JW (desactivado), SWFObject (desactivado), SWFObject2 (activado), UFO (de
☐	SWFObject	6.x-2.5	Enables support for the SWFObject embedding method. Depende de: SWF Tools (activado)
☒	SWFObject2	6.x-2.5	Enables support for the SWFObject 2 embedding method. Depende de: SWF Tools (activado)
☐	UFO	6.x-2.5	Enables support for the UFO embedding method. Depende de: SWF Tools (activado)

Este conxunto de módulos podemos clasificalos en tres grupos, segundo a súa funcionalidade:

- O módulo SWF Tools: é o nucleo destas ferramentas e é preciso que esté activo para poder activar calquera dos outros.
- Módulos de soporte de reprodutores. Estes módulos permiten que podamos utilizar distintos reprodutores de medios. Son os seguintes: 1 Pixel Out, Flow Player, Flow Palyer 3, JW Image Rotator 3, JW Media Player 3, JW Media Player 4, SimpleViewer.
- Métodos de integración. Estes módulos permítennos utilizar distintos métodos de integración dos contidos multimedia no código das páxinas HTML que se descargan á hora de visitar a web. Son os seguintes módulos: jQuery Flash Plugin, SWFObject, SWFObject2, UFO.

Informe de estado das SWF Tools

Na ruta **Inicio » Administrar » Informes» SWF Tools Status** podemos ver un informe sobre o estado de configuración das SWF Tools que permítenos comprobar se temos unha configuración axeitada para a correcta reprodución dos nosos contidos multimedia.

Infórmase dos seguintes aspectos:

- Métodos de integración dispoñibles e cal está seleccionado por defecto.

Métodos de integración

Na seguinte táboa listanse os métodos de integración dispoñibles. O método que está listo e está seleccionado como método por defecto. O método seleccionado aparece coa seguinte icona:

✓	Default method	SWFObject 2 - JavaScript
✓	SWFObject 2 - JavaScript	Aceptar

- Amosarse unha proba de reprodución de contido Flash.

Proba de contido

As SWF Tools tratarán agora de xerar algún contido de animación aquí debaixo entón as SWF Tools tratarán de reproducir a animación.



Se a animación non aparece comprobe que o navegador ten instalado o plugin de animación.

- O reprodutor seleccionado por defecto para cada tipo de contido.

Reprodutores por defecto

A seguinte táboa amosa os reprodutores seleccionados por defecto para cada tipo de contido. Os reprodutores que están dispoñibles, ou ben que o reprodutor non foi asignado, aparecen coa seguinte icona:

✓	Single flv	JW Media Player 3
✓	List of flvs	JW Media Player 3
✓	Single mp3	1 Pixel Out MP3 Player
✓	List of mp3s	JW Media Player 3
✓	List of mixed media	JW Media Player 3
✓	Single swf	Ninguno
✓	List of images	JW Media Player 3

- Os reprodutores dispoñibles.

Reprodutores

Esta táboa amosa que reprodutores están soportados e que o soporte non están dispoñibles e o reprod

✓	1 Pixel Out MP3 Player	Aceptar
✓	Generic FLV player	Aceptar
✓	Generic MP3 player	Aceptar
✓	JW Media Player 3	Aceptar

- O estado da librería Zlib.

Zlib library

As SWF Tools precisan da **librería Zlib** p
vostede terá que indicar as dimensións

✓	Zlib library	Activado
---	---------------------	----------

Publicación de vídeo, audio e flash

Nesta sección veremos distintas formas de incluir contidos multimedia nos contidos publicados na web.

Traballaremos con estes tipos de medios:

- Ficheiros de vídeo en formato Flash (extensión .flv)
- Ficheiros de audio en formato MP3 (extensión .mp3)
- Ficheiros de animacións Flash (extensión .swf)
- Vídeos flash embebidos.

Ficheiro de vídeo Flash (.flv) con [swf file]

1. Para que a visualización do vídeo sexa posible é preciso que estea activo o filtro das SWF Tools no formato de entrada que vaíamos a utilizar, normalmente Full HTML. Para comprobalo ou activalo iremos á ruta **Inicio » Administrar » Configuración do sitio » Formatos de entrada** e iremos á configuración do formato desexado:

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración do sitio](#)

Formatos de entrada

[Lista](#)

[Engadir formato de entrada](#)

Os *formatos de entrada* definen unha forma de procesamento do texto fornecido polo/a usuario/a en Drupal. Cad aplica varios filtros diferentes ao texto, nunha orde específica. Cada filtro está deseñado para acadar un propósito usuarios/as poden elixir entre os formatos de entrada dispoñíbeis no momento de elaborar o contido.

Use a lista que se amosa a continuación para configurar qué formatos de entrada están dispoñíbeis para qué ro importado, por exemplo). O formato por defecto sempre está dispoñíbeis para os usuarios. Todos os formatos de

Predeterminado	Nome	Roles	Operacións
☐	Filtered HTML	usuario/a anónimo/a, usuario autenticado	configurar eliminar
☐	PHP code	Ningún rol pode usar este formato	configurar eliminar
☒	Full HTML	Todos os roles poden empregar o formato predefinido	configurar <---

2. Unha vez dentro da configuración do formato de entrada elixido, marcamos o cadro de selección do filtro "SWF Tools filter" e logo pinchamos no botón **Gardar** a configuración:

Filtros
Elixa os filtros que serán empregados neste formato de filtro.

☒
Conversor de saltos de liña

Converte saltos de liña en HTML (por exemplo, as etiquetas
 e <p>).

☒
Corrector HTML

Corrixe os fallos e corta HTML nas publicacións.

☐
Evaluador de PHP

Executa un anaco de código PHP. O uso deste filtro debería estar restrinxido a administradores

☐
Filtro HTML

Permítelle restrinxir que os/as usuarios/as poidan escribir en HTML e que se retiren as etiquetas etiquetas que non se quitan.

☒
Filtro de URL

Converte os enderezos web e de correo-e en ligazóns premíbeis.

☒
SWF Tools filter

Substitutes [swf file="filename.flv"] or [swf files="file1.jpg&&file2.jpg"] with embedding code.

Estes dous primeiros pasos só hay que facelos unha vez, xa que pertencen á configuración da web, non á creación do contido.

3. Agora que cumprimos os requisitos previos, procederemos a editar ou crear o contido no que queremos publicar o vídeo Flash.
4. Na sección de **Ficheiros Adxuntos** achegaremos o ficheiro FLV que queremos publicar. Recomendase que o nome do ficheiro non conteña espazos en branco. Neste exemplo o ficheiro é TheDrupalSongMusicVideo.flv


▼ Ficheiros adxuntos
Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes até que se garde a entrada. O primeiro ficheiro da lista inclúese nas orixes RSS.

Borrar	Lista	Descrición	Tamaño
	☐	TheDrupalSongMusicVideo.flv http://192.168.56.104/centros/centrodeprobad6/system/files/TheDrupalSongMusicVideo.flv	1.2 MB


Adxuntar un novo ficheiro:




5. Unha vez rematado de subir o ficheiro, no cadro donde aparece o nome o seleccionamos e copiamos para logo pegalo no corpo do contido.



6. Agora imos á sección **Formato de entrada** e seleccionamos o formato para o cal activamos o filtro "SWF Tools filter".



7. Fálamos ir ao cadro de edición do **corpo do contido**, sen desactivar o texto enriquecido, e escribir no lugar donde queremos que apareza o vídeo unha etiqueta como a seguinte cambiado en cada caso, por suposto, o nome do ficheiro. Esta etiqueta ten o formato `[swf file="NOME_DO_FICHEIRO_FLV"]`.



É moi importante que respetemos o formato exacto da etiqueta: limitada por corchetes [], o nome do ficheiro entre comiñas dobres, sen máis espazos en branco que o que hai entre as palabras *swf file*. Como podemos ver nesta imaxe anterior, a etiqueta que fai referencia ao ficheiro a reproducir pode ir entre o texto ou outros elementos do contido.

8. Xa podemos ver a **Vista previa** ou directamente **Gardar** o contido.
9. Este contido de exemplo quedaría así:



10. Fin.

Ficheiro de audio MP3 con [swf file]

Para a publicación dun ficheiro de audio en formato **MP3** mediante a etiqueta `[swf file=""]` podemos utilizar exactamente o mesmo método que usamos para os ficheiros de vídeo Flash. A diferenza estará na aparencia final do contido se o reprodutor configurado para ficheiros MP3 (por defecto 1 Pixel Out) e distinto do configurado para FLV (por defecto JW Media Player 3).

1. Para que a reprodución do audio sexa posible é preciso que estea activo o filtro das SWF Tools no formato de entrada que vaíamos a utilizar, normalmente Full HTML. Para comprobalo ou activalo iremos á ruta **Inicio » Administrar » Configuración do sitio » Formatos de entrada** e iremos á configuración do formato desexado:

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración do sitio](#)

Formatos de entrada

[Lista](#)

[Engadir formato de entrada](#)

Os *formatos de entrada* definen unha forma de procesamento do texto fornecido polo/a usuario/a en Drupal. Cad aplica varios filtros diferentes ao texto, nunha orde específica. Cada filtro está deseñado para acadar un propósito usuarios/as poden elixir entre os formatos de entrada dispoñíbeis no momento de elaborar o contido.

Use a lista que se amosa a continuación para configurar qué formatos de entrada están dispoñíbeis para qué ro importado, por exemplo). O formato por defecto sempre está dispoñíbeis para os usuarios. Todos os formatos de

Predeterminado	Nome	Roles	Operacións
☐	Filtered HTML	usuario/a anónimo/a, usuario autenticado	configurar eliminar
☐	PHP code	Ningún rol pode usar este formato	configurar eliminar
☒	Full HTML	Todos os roles poden empregar o formato predefinido	configurar ----

2. Unha vez dentro da configuración do formato de entrada elixido, marcamos o cadro de selección do filtro **"SWF Tools filter"** e logo pinchamos no botón **Gardar** a configuración:

Filtros
Elixa os filtros que serán empregados neste formato de filtro.

☒
Conversor de saltos de liña
Converte saltos de liña en HTML (por exemplo, as etiquetas `<br>` e `<p>`).

☒
Corrector HTML
Corrixe os fallos e corta HTML nas publicacións.

☐
Evaluador de PHP
Executa un anaco de código PHP. O uso deste filtro debería estar restrinxido a administradores

☐
Filtro HTML
Permitelle restrinxir que os/as usuarios/as poidan escribir en HTML e que se retiren as etiquetas etiquetas que non se quitan.

☒
Filtro de URL
Converte os enderezos web e de correo-e en ligazóns premíbeis.

☒
SWF Tools filter
Substitutes `[swf file="filename.flv"]` or `[swf files="file1.jpg&&file2.jpg"]` with embedding code.


Estes dous primeiros pasos só hay que facelos unha vez, xa que pertencen á configuración da web, non á creación do contido.

3. Agora que cumprimos os requisitos previos, procederemos a editar ou crear o contido no que queremos publicar o audio MP3.
4. Na sección de **Ficheiros Adxuntos** achegaremos o ficheiro MP3 que queremos publicar. Recoméndase que o nome do ficheiro non conteña espazos en branco. Neste exemplo o ficheiro é `romance_sonambulo.mp3`


▼ **Ficheiros adxuntos**
Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes até que se garde a entrada. O primeiro ficheiro da lista inclúese nas orixes RSS.

Borrar	Lista	Descrición	Tamaño
	☐	romance_sonambulo.mp3 http://192.168.56.104/centros/centrodeprobad6/system/files/romance_sonambulo.mp3	777.23 KB


Adxuntar un novo ficheiro:




5. Unha vez rematado de subir o ficheiro, no cadro donde aparece o nome o seleccionamos e copiamos para logo pegalo no corpo do contido.



6. Agora imos á sección **Formato de entrada** e seleccionamos o formato para o cal activamos o filtro "SWF Tools filter".




7. Fáltamos ir ao cadro de edición do **corpo do contido**, sen desactivar o texto enriquecido, e escribir no lugar donde queremos que apareza o reprodutor, unha etiqueta como a seguinte cambiado en cada caso, por suposto, o nome do ficheiro. Esta etiqueta ten o formato [swf file="NOME_DO_FICHEIRO_MP3"].



É moi importante que respetemos o formato exacto da etiqueta: limitada por corchetes [], o nome do ficheiro entre comiñas dobres, sen máis espazos en branco que o que hai entre as palabras *swf file*. Como podemos ver nesta imaxe anterior, a etiqueta que fai referencia ao ficheiro a reproducir pode ir entre o texto ou outros elementos do contido.

8. Xa podemos ver a **Vista previa** ou directamente **Gardar** o contido.
9. Este contido de exemplo quedaría así:



verde viento, verdes ramas.

10. Fin.

Ficheiro de animación Flash (.swf)

Para a publicación dun ficheiro flash seguiremos un método distinto ao que utilizamos para os ficheiros de vídeo e de audio. Neste caso utilizaremos o obxecto que nos proporciona o editor HTML de contidos.

1. Creamos ou editamos o contido no que queremos publicar a animación Flash.
2. Na sección de Ficheiros adxuntos, adxuntamos ao contido o ficheiro .swf coa animación. Neste exemplo é o ficheiro *rebotes.swf*.

▼ **Ficheiros adxuntos**

Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes até que se garde a entrada. O primeiro ficheiro da lista inclúese nas orixes RSS.

Borrar	Lista	Descrición	Tamaño
	☐	rebotes.swf http://192.168.56.104/centros/centrodeprobad6/system/files/rebotes.swf	342 bytes

Adxuntar un novo ficheiro:

No se ha seleccionado ningún arquivo.

O tamaño máximo de subida é 5 MB. So os ficheiros coas seguintes extensións poden ser subidos:
jpg jpeg gif png txt doc xls pdf ppt pps odt ods odp flv swf mp3.

3. Seleccionamos e copiamos (Ctrl+c ou Menú: Editar->Copiar) a ruta completa do ficheiro que aparece debaixo do cadro de texto co nome do mesmo.

▼ **Ficheiros adxuntos**

Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes até que se garde a entrada. O primeiro ficheiro da lista inclúese nas orixes RSS.

Borrar	Lista	Descrición	Tamaño
	☐	rebotes.swf http://192.168.56.104/centros/centrodeprobad6/system/files/rebotes.swf	342 bytes

4. Imos ao editor do texto do contido e co cursor situado lo lugar donde queremos que apareza a animación pulsamos no botón de "Inserir / editar medio embebido"



5. Ábrese entón unha ventana para introducir os datos da animación, na que pegamos a ruta do ficheiro antes copiada no campo **Arquivo/URL** da pestaña **Xeral**. Tamén podemos introducir as dimensións da visualización ou modificar as obtidas automaticamente do ficheiro. Normalmente xa poderemos ver nesta ventana unha previsualización da animación. Pinchamos no botón **Insertar**.

Xeral Avanzado Fonte

Xeral

Tipo

Arquivo/URL

Tamaño x ☒ Bloquear proporcións

Vista Previa

6. Se o desexamos podemos modificar a alíñación do obxecto flash creado.

7. Xa podemos ver a **Vista previa** ou directamente **Gardar** o contido.

Vídeo embebido mediante URL

Hoxe en día existen numerosas páxinas que prestan servicio de vídeo baixo demanda (**Streaming**), por exemplo o popular YouTube, que nos ofrecen unha gran variedade de vídeos para poder reproducir directamente. Con este sistema, para poder ver un vídeo no noso ordenador non é preciso descargalo previamente.

Pero estos servidores non só nos ofrecen a posibilidade de velos vídeos visitando a súa web, senón que tamén nos ofrecen a posibilidade de insertalos na nosa páxina web ou blog mediante o enlace a unha URL ou mediante un código HTML.

Neste manual imos ver como facelo mediante un enlace a unha URL coa axuda do editor de texto enriquecido que utilizamos en Webs Dinámicas para editar un contido. Vexamos paso a paso como facelo cun vídeo de Youtube como exemplo:

1. Navegamos por Youtube neste caso hasta chegar a páxina que nos permite visualizar o vídeo desexado.



2. Vemos que debaixo do marco de visualización aparece unha liña de enlaces: *Me gusta*, *Información*, *Compartir*, *Añadir a*. Se pinchamos en **Compartir** e logo en **Compartir este vídeo** aparecerá debaixo un cadro de texto cunha dirección URL que debemos copiar para logo pegar no noso contido.




Ademáis, á dereita desa URL aparece un cuadro de marcar e un contador de minutos e segundos que vai contando o tempo transcurrido de visualización. Se marcamos o cuadro, a URL cambiará para que a visualización do vídeo logo desde a nosa web non comence desde o principio senón desde o tempo marcado, o que nos sirve para saltar unha primeira parte do vídeo

que non nos interese.

3. Copiada a URL anterior imos ao formulario de creación ou edición do contido da nosa web no que queremos visualizar o vídeo, e sen desactivar o texto enriquecido, situamos o cursor na posición do corpo do contido na que queremos insertar o vídeo e pulsamos no botón do editor de "**Insertar/editar medio embebido**".



4. Ábrese entón unha ventana para introducir os datos do vídeo, na que pegamos a URL antes copiada no campo **Arquivo/URL** da pestaña **Xeral**. Tamén podemos introducir as dimensións da visualización ou modificar as obtidas automaticamente. No campo **Tipo** xa cambiará automaticamente por *iframe*, senón o cambiamos nos. Normalmente xa poderemos ver nesta ventana unha previsualización da animación. Pinchamos no botón **Insertar**.



Podemos observar que cando pegamos a URL antes copiada, esta cambia automaticamente, pero isto é correcto así, non debemos modificala de novo. Neste exemplo, a que copiamos era "http://youtu.be/KRidWDCyk6Y" e a que queda ao pegar é "http://www.youtube.com/embed/KRidWDCyk6Y".

5. Se o desexamos podemos modificar a aliñación do obxecto flash creado.
6. Xa podemos ver a **Vista previa** ou directamente **Gardar** o contido.


Vídeo embebido mediante HTML

Hoxe en día existen numerosas páxinas que prestan servizo de vídeo baixo demanda (**Streaming**), por exemplo o popular YouTube, que nos ofrecen unha gran variedade de vídeos para poder reproducir directamente. Con este sistema, para poder ver un vídeo no noso ordenador non é preciso descargalo previamente.

Pero estes servidores non só nos ofrecen a posibilidade de velos vídeos visitando a súa web, senón que tamén nos ofrecen a posibilidade de insertalos na nosa páxina web ou blog mediante o enlace a unha URL ou mediante un código HTML.

Neste manual imos ver como facelo mediante código HTML, opción que podemos utilizar por exemplo se o servidor de streaming non nos ofrece o servizo mediante URL. Vexamos paso a paso como facelo, neste caso, cun vídeo de Vimeo como exemplo (<http://vimeo.com/20950555>):

1. Navegamos por Vimeo neste caso ata chegar a páxina que nos permite visualizar o vídeo desexado.
2. Sobre a propia imaxe de visualización do vídeo (actualmente na esquina superior dereita) cando movemos o rato por enriba, aparece un botón coa palabra "SHARE" (Compartir), pinchamos nel e aparécenos un panel que nos ofrece tódalas opcións de compartición do vídeo: Por enlace a URL, por correo electrónico e por inserción (**Embed**). Sobre esta última podemos pinchar sobre o enlace **+Show Options** para poder elixir distintas opcións.



As opcións máis importantes que podemos elixir están: As dimensións da visualización (se modificamos unha a outra mantén a proporción automaticamente); Reproducir automaticamente, Repetir ao rematar, Amosar un enlace a este vídeo en Vimeo; Amosar unha descrición do vídeo.


3. Elixidas as opcións desexadas, seleccionamos e copiamos o código HTML que aparece nun cadro de texto sobre a previsualización no panel de opcións (<iframe src="...").



Ao pinchar neste cadro de texto seleccionase automaticamente todo el. Así que o copiamos (CTRL+c ou Botón dereito ->

Copiar).

4. Copiada o código HTML anterior imos ao formulario de creación ou edición do contido da nosa web no que queremos visualizar o vídeo. Debaixo do cadro de edición do texto do Corpo pinchamos en **Desactivar texto enriquecido** para poder escribir directamente código HTML, situamos o cursor na posición do corpo do contido na que queremos inserir o vídeo e pegamos (CTRL+v ou Botón dereito -> Pegar) o código antes copiado.



5. Agora podemos activar de novo o texto enriquecido para continuar coa edición do contido e modificar a aliñación do obxecto creado.
6. Xa podemos ver a **Vista previa** ou directamente **Gardar** o contido.

NOTA 1: Recoméndase gardar tamén este código HTML nun ficheiro de texto plano no noso ordenador, xa que quizais posteriores edicións do contido poderían alterar este código e deixar de funcionar, así temos unha copia para voltar a pegalo se é necesario, sen necesidade de buscalo de novo no servidor de orixe.

NOTA 2: O procedemento aquí descrito serve para inserir calquera código HTML sexa dun vídeo ou de outro tipo de obxecto, en calquera tipo de contido.

Autoría



Este contido está desenvolto no marco do "**Proxecto Websdinámicas**" pola **Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria** en colaboración coa **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Xunta de Galicia)**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Este contido está elaborado coa ferramenta de software libre eXeLearning que pode descargar da páxina eXeLearning.net.
- Pertence aos materiais dos cursos impartidos no marco dos Plans de Formación do Profesorado. Pode acceder a estes materiais na [Aula Virtual Aberta do Proxecto Webs Dinámicas](#).
- Neste [enlace](#) pode acceder ao ficheiro fonte deste contido.
- Pode comunicar os erros atopados neste contido no [seguinte formulario](#).



Vostede é libre de compartir, copiar, distribuír, comunicar a obra, facer obras derivadas e facer un uso comercial desta obra baixo as condicións de atribución (Licenza: CC-BY-SA)

RECOÑECEMENTO de autores e recursos empregados:

- The Drupal Song Music Video <http://www.youtube.com/watch?v=IZ-s3DRZJKY>
- El cinturón de Seguridad, seguridad vial para niños - Luz verde <http://www.youtube.com/watch?v=KRidWDCyk6Y>
- Andy Thornton - Drupal Performance and Optimization <http://vimeo.com/20950555>

Obra colocada bajo licencia [Creative Commons Attribution Share Alike 3.0 License](#)